



MOI SERIO NO SEU TRABALLO

Os cans guía acompañamos as persoas cegas a onde queira que se despracen: o mesmo á oficina ca a un hotel, de traballo ou de vacacións. Nos hoteis tamén sabemos o que temos de facer: o primeiro é, cando entramos no vestíbulo e seguindo as indicacións do noso compañeiro cego, achegámonos á recepción para que faga as súas xestións. Despois iremos para o noso cuarto.

O mellor lugar

Para nós os salóns, os ascensores ou os corredores destes lugares non teñen segredos, ensináronnos a desenvolvernos e podemos guiar os compañeiros cegos con toda seguridade polas instalacións. No cuarto, eles búscannos o recuncho máis idóneo e quítannos o arnés que levamos cando traballamos. Así podemos estar máis cómodos, repousando mentres o acompañamos ou vixiamos o seu sono.



A discreción distinguenos

Podes considerarnos un acompañante moi discreto. Ademais, o noso aseo, a preparación e mais a educación son tan concienciados e meticulosos que onde imos obtemos moitos eloxios e unha sincera admiración polo noso bo traballo, froito do adestramento adquirido na Escola da Fundación ONCE do Can Guía, onde nos ensinan a lle proporcionar autonomía e seguridade á persoa cega que guiamos.

Pola súa banda, estas persoas que se axudan dun can guía son moi rigorosas no noso coidado. Non se lles pasa un día sen asearnos e asiduamente visitamos o veterinario.

Polo tanto podes estar seguro/a de que por adestramento, hixiene e control sanitario, non habemos desentoar no teu establecemento.

**A Fundación ONCE do Can Guía
agradece a túa cooperación.
Colabora sen reservas!**





SEMPRE AO SEU CARÓN

Os cans guía formamos un grupo moi especial. Distinguímonos polo esmerado adestramento e a educación que recibimos na Escola da Fundación ONCE do Can Guía.

É normal vernos guiando unha persoa cega en lugares públicos, non só na rúa, senón tamén no metro ou no autobús, en teatros e cinemas, centros comerciais e, como non, nas cafeterías e mais nos restaurantes.

O noso comportamento en calquera deles é impecable, particularmente nos restaurantes, a pesar dos deliciosos arrecendos que percibimos xa que, ao contrario do que puideses pensar se non nos coñeces, o adestramento que recibimos é máis que suficiente para quedar simplemente coa admiración. Ademais, a alimentación que nos proporcionan é moi rica e déixanos totalmente satisfeitos.



A nosa boa educación

Cando visitamos un restaurante, en canto situamos o noso compañeiro no seu lugar, este colócanos a carón da súa cadeira ou debaixo da mesa para que non molestemos. Mentres dura o ágape, observamos o que hai arredor ou botámonos unha soneca, sempre ao seu lado. Rematada a comida e ao mínimo sinal do noso compañeiro cego incorporámonos, listos para seguirmos as súas indicacións e guialo adecuadamente.


Con frecuencia, o resto dos clientes sorpréndese ao non ter percibida antes a nosa presenza no recinto, e admíranos polo bo comportamento e a limpeza. E é que os usuarios dos cans guía son moi rigorosos e constantes respecto á nosa boa educación e aseo diario, ademais dos controis veterinarios aos que nos someten regularmente.



En xeral, todo o mundo entende que o labor que realizamos é importante, un traballo moi serio, tanto que mesmo está amparado legalmente. Unha lei permítenos o acceso como guías a calquera sitio público ao carón da persoa que acompañamos. Conosco a autonomía das persoas cegas está asegurada.

A Fundación ONCE
do Can Guía agradece a
túa cooperación.

**Colabora sen
reservas!**



ONCE

FUNDACIÓN ONCE DEL PERRO GUÍA

Se queres coñecer a miña escola, poder entrar en: www.once.es/perrosguia